

## OFERTA DE OCIO

VIMIANZO | 19.30 HORAS

## Charla sobre rehabilitación

O centro cultural de Carnés (Vimianzo) acolle esta tarde unha conferencia titulada *Rehabilita-Rehabita*, organizada pola asociación cultural O Castelo.

## A LARACHA E MUXÍA

## Animación á lectura

Os nenos dos colexios de Muxía asistirán hoxe a unha sesión de contos, *A bruxiña sen vasoira*, incluída nas actividades de animación á lectura organizadas pola concellería de Servizos Sociais. Ás 10.00 horas será no Virxe da Barca, ás 11.45 en Os Muíños e ás 15.00 horas en Vilarmede. Na aula lúdica de A Laracha, de 18.00 a 19.30 horas, continuará o programa de 1, 2, 3, Imos Ler, destinado a nenos de 3 a 12 anos de idade. O libro elixido é *As fabas máxicas*.

## BAIO | 21.00 HORAS

## Magosto no polideportivo

A asociación cultural Adro é a encargada de organizar o magosto que esta noite se celebra no polideportivo de Baio e no que haberá castañas e viño gratis para todos os asistentes.

## LAXE E MALPICA

## Sesións de teatro

Continúa en Laxe a Mostra de Teatro Aficionado, da que hoxe, ás 12.30 horas, desfrutarán os alumnos de secundaria do colexio Cabo da Area. Actuará o grupo de Arzúa Movemento Xuvenil Don Baltasar, que interpretará a comedia *Vostede ten ollos de muller fatal*. No centro cívico de Malpica, a partir das 20.00 horas, estará Talía Teatro coa obra *Quero ser Grande*. A entrada é de balde.

## CEE | DE 17.00 A 21.00 HORAS

## Doazóns de sangue

A unidade móbil do Centro de Transfusión de Galicia estará esta tarde diante do centro de saúde de Cee para facilitar as doazóns de sangue a aqueles veciños que o desexen. Os técnicos da entidade tamén ofrecerán aos interesados todo tipo de información.

— TAL COMO ERAMOS —

J. M. Casal (1993)



## RECORDOS DE EDUARDO TOBA

Eduardo Toba (1923-2001), ex seleccionador nacional e ex adestrador do Deportivo, entre outros moitos equipos, é un dos muxiáns que máis lonxe levaron o nome da súa terra. Ademais de gran deportista, tamén foi médico, e naceu o mesmo ano que Acuña o futbolista que recordaba en 1993 mostrando vellos periódicos.

## Fisterra, a pomba que voa alto e ademais moi lonxe

Unha das mellores aves mensaxeiras de España, bautizada como o Promontorio Nerio, vive en Cangas

## CRÓNICA

S. G. Rial

CARBALLO | Fisterra, xa se sabe, é un nome atractivo que moitos empregan para os máis variados fins. É o título dunha película, dun disco de Carlos Núñez (e outros máis), dun programa informático, da mellor web médica de fala hispana, dun grupo folk de Uruguai, idun pub en Miranda de Ebro! De libros, poemarios (un de César Antonio Molina), un espectáculo de danza, outro de Xacarandaina, o apelido dun personaxe moi malo nunha novela de Pérez Reverte...

A lista é moi longa e vai haber que engadirle un novo protagonista. Mellor dito, nova. Porque é unha pomba. Mensaxeira e das boas. Moi ben coñecida polos amigos da columbofilia, pero un enigma para a maioría.

Precisamente nunha exposición recente (a pasada fin de semana) organizada polo Club Columbófilo Pombas do Morrazo, de Cangas (Pontevedra), puido verse a *Fisterra* e moitas e moitos compañeiros de pluma, da que se sinalaba unha das súas xestas: voar entre Cartaxena e Cangas en algo máis de 15 horas, o que lle valeu un campionato nacional de gran fondo. En concreto, partiu da cidade murciana ás 6.30 horas e chegou ao seu destino ás 22 horas, sete minutos e 36 segundos. Unha proeza. O de especificar os minutos e os segundos non é algo ocioso, xa que os posuidores destas fenomenais aves poden gañar ou perder probas impor-



Fisterra, sorprendida esta semana pola cámara na súa gaiola situada nunha vivenda de Cangas (Pontevedra) | JOSÉ PEREIRO

tantes por un ou dous minutos. *Fisterra* fixo a súa viaxe a unha media de 919,248 (tal é a precisión) metros por minuto (sobre 60 quilómetros á hora) o 10 de xuño do ano 2004. Case que 850 quilómetros polo aire volvendo ao sitio exacto.

## Con dous anos

Levou esa vez, cando só tiña dous anos, o título de gran fondo, que «é como se fose o *Tour*», explica o seu dono, o médico José Pereiro, que ademais é o presidente da entidade columbófila canguesa.

Un *tour* no que se teñen en conta etapas de longo percorrido. Para distinguilas todas, aínda que para os afeccionados é todo moi sinxelo, hai que adentrarse no seu mundo, e en competicións que varían en distancias que non chegan aos 300 quilómetros, as que van ata os 500, as que chegan aos 700 e as que pasan de aí, ás que xa se lle podería chamar probas de eta-

pa riña. E tamén hai velocidade e outras particularidades.

Pereiro fala de *Fisterra* con certa devoción. Di que é unha campioa, e que xa lle vén de raza, porque o seu pai, *Peliqueiro*, xa gañara tamén probas de altura, igual que o avó, que se chamaba Río Sil. Os nomes das pombas son sempre peculiares. Outra de Pereiro mantén as vinculacións coa Costa da Morte, xa que se chama *Roncudo*, anque na mostra de Cangas puidéronse ver exemplares bautizados como *Mijatovic* ou *Campanilla*, aos gusto do dono.

A *Fisterra*, con seis anos cumpridos, aínda lle queda moito por voar. Se cadra, di Pereiro, non chega aos 18 anos que poden alcanzar os seus conxéneros, dado o ritmo que leva, pero aínda así na súa vida terá moito que contar. Ela, e as 60 compañeiras que ten o presidente da entidade. Toda unha pairación de altos voos.

## GUSTA

## Hospital de Cee

El Virxe da Xunqueira celebra el décimo aniversario, aunque, en realidad, ya transcurrieron once años desde su inauguración. Y conmemora los diez años con unas conferencias de altura, con tres científicos médicos de indiscutible relieve internacional y muy reconocidos en el mundo de la investigación. Es un gran día para la medicina en Galicia.

## Diputación y Dombate

El equipo de Salvador Fernández Moreda se ha preocupado en todo momento por el estado y el destino del dolmen de Dombate. Hoy aprobará una partida de 1,9 millones de euros para afrontar un proyecto que ha estado casi 20 años parado, pero, en este caso, los políticos del ente provincial han sido los que menos culpa han tenido.

## DISGUSTA

## Cetáceas abandonadas

Cuando los poderes públicos ceden espacio en el dominio público marítimo terrestre deben de preocuparse de recuperarlo cuando las instalaciones para las que se dieron permisos han terminado su actividad o ya no se destinan a la finalidad para las que estaban previstas. Viene esto a cuento de las cetáceas abandonadas que afean nuestro litoral, cuando no se utilizan para reunir marisco extraído de forma ilegal.

## Abandono de las escuelas rurales

Lo que ocurre en Couso es una muestra de lo sucedido con muchas escuelas rurales abandonadas y los concellos no saben qué hacer con ellas: actos culturales y sociales.

— PUNTADAS SEN FÍO —

Matalobos

